

## **BENVIDA Ó CURSO 2017-2018**

11 de setembro de 2017

Benqueridas familias:

Sede moi benvidas un ano máis a este novo curso 17-18 que comeza.

Ao longo desta semana inaugúrase unha nova aventura educativa para os vosos fillos e fillas, e tamén para toda a comunidade educativa do Colexio Apóstol Santiago. Oportunidades para todos: de medrar, de aprender, de compartir vida, de crecer xuntos.

Ante todo queremos agradecervos a vosa confianza. Temos o privilexio, nun contexto demográfico certamente difícil, de seguir sendo un centro polo que as familias optades para confiarnos ós vosos fillos. Isto fainos sentir enormemente orgullosos, e á vez asumimos a gran responsabilidade que isto significa.

O voso alento anímanos a mellorar e a traballar cada día coa ilusión e os esforzo que cada neno merece, a soñar con acadar os novos retos que a sociedade e o futuro poñen por diante, e a seguir ofrecendo ós vosos e fillos e fillas o mellor que a espiritualidade ignaciana pode ofrecer a unha persoa: sentido, profundidade, excelencia e apertura á trascendencia.

A noso vocación e o os nosos desvelos están postos nos nenos e nenas, e aínda que non sempre sexamos capaces de ofrecerlles a todos e a cada un deles o que individualmente precisan, non dubidades nin por un instante que ese é o noso desexo e intención. Para acadalo contamos e precisamos da vosa axuda, da vosa colaboración e do voso compromiso co modelo educativo que de forma consciente tedes elexido para eles. Soamente deste xeito seremos capaces de conseguilo, camiñando e aprendendo xuntos, en permanente sintonía e comunicación.

Para favorecer esta comunicación dende o primeiro día pretendemos ter aberta a Plataforma Diodro xa dende este luns 11, para Educación Infantil e Primaria, e dende o venres 15 no inicio de ESO e Bacharelato. É posible, en calquera caso, que non sexan os listaxes definitivos posto que sabedes que nos primeiros días de curso sempre pode haber altas e baixas en funcións das indicacións da Comisión de Escolarización.

Nada máis por agora. Recordade que tedes todas as informacións concretas necesarias na Circular de Inicio de Curso que enviamos a casa en agosto e que tedes tamén na propia web de colexio.

Quedamos a vosa disposición.  
Un cordial e agarimos saúdo

Iván Mirón  
Director Xeral